

Comezo da recollida de bugallas para o estudo do grao de parasitación de *Torymus sinensis* no ano 2023.

O programa de acción da Dirección xeral de Planificación e Ordenación Forestal, para a loita biolóxica contra *Dryocosmus kuriphilus*, conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Soltas do parasito; *Torymus sinensis*, nos meses de primavera, co fin de que os parasitoides se dispersen naturalmente. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizáronse as soltas do parasito segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

No ano 2023 realizouse a solta de 31.500 individuos.

2. Estudo do grao de parasitación; Esta comprobación realízase recollendo bugallas, tanto de xema como de folla, que son enviadas á Estación Fitopatolóxica do Areiro (EFA), onde comprobán, mediante a súa apertura, a presenza do parasito. Esta recollida realizarase nos meses de outono.


En total recolleranse bugallas en 550 puntos de mostraxe, escollidos entre os puntos onde se fixeron as soltas do parasito no ano 2023 e puntos nos que se fixo solta en anos anteriores pero que xa non se fixo no ano actual por ter unha alta recuperación de parasitos nos estudos de parasitación do ano 2022.

En cada punto cóllense un mínimo de 10 bugallas, para un total de 5.500 bugallas. A elección do lugar de recollida dentro da árbore é aleatoria co fin de dispor dunha mostraxe non sesgada.

- Na primaveira do 2023 realizouse a solta de **31.500 individuos de *Torymus sinensis***.
- Dase comezo a campaña 2023 para coñecer o grao de parasitación.
- Recolleranse 5.500 bugallas en 550 puntos de mostraxe.
- O criterio de elección para a localización dos 550 puntos de recollida das bugallas está baseado nos seguintes criterios:

TABOIA RESUMEN CRITERIOS RECOLLIDA BUGALLAS OUTONO 2023	
CRITERIO	Nº PUNTOS RECOLLIDA
PUNTOS NOS QUE SE FIXERON SOLTAS NO 2023	150
PUNTOS NOS QUE NON SE FIXERON SOLTAS NO 2023 E HAI UNHA ALTA INTENSIDADE DE BUGALLAS	250
PUNTOS NOS QUE NON SE FIXERON SOLTAS NO 2023 E HOUBO BAIXA PARASITACIÓN NO 2022	100
PUNTOS NOS QUE NON SE FIXERON SOLTAS NO 2023 E HOUBO ALTA PARASITACIÓN NO 2022	50
TOTAL	550

Recollida de bugallas 2023




CRITERIOS DE RECOLLIDA

- SOLTAS NO 2023 (150 PTOS)
- ALTA INTENSIDADE DE BUGALLAS NO 2023 (250 PTOS)
- BAIXA PARASITACION NO 2022 (100 PTOS)
- ALTA PARASITACION NO 2022 (50 PTOS)


Recollida de bugallas 2023:

150 Pontos onde se fixeron soltas na primavera do 2023




Recollida de bugallas 2023:

250 Puntos onde non se fixeron soltas no 2023 e hai unha alta intensidade de bugallas




Recollida de bugallas 2023:

100 Pontos onde non se fixeron soltas no 2023 e houbo baixa parasitación no 2022



Recollida de bugallas 2023:

50 Puntos onde non se fixeron soltas no 2023 e houbo alta parasitación no 2022



Esta semana recolleranse bugallas en:

CUADRÍCULA	PROVINCIA	CONCELLOS
0	A CORUÑA	Valdoviño
21	A CORUÑA	Carballo
22	A CORUÑA	Laracha
27	LUGO	Cospeito Castro de Rei
39	LUGO	Guitiriz Begonte